



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X legislatura  
Número 330  
2 de xullo de 201



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### I 23035 (10/PNC-001846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a presentación polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia durante o primeiro semestre de 2018, da posición da Xunta de Galicia nos eidos sinalados como prioritarios no documento titulado *Análise do impacto do Brexit en Galicia* [107740](#)

##### I 31098 (10/PNC-002507)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co cumprimento dos principios e actuacións da economía social polas cooperativas de traballo asociado [107740](#)

##### I 32480 (10/PNC-002655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento de beneficios fiscais para as persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos, no concello de Tui [107741](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### I 4010 (10/PNC-000372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da eliminación do imposto especial da electricidade e a rebaixa do IVE para abaratar a factura da enerxía eléctrica [107742](#)

##### I 25684 (10/PNC-001980)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia de políticas destinadas á posta en marcha de políticas tendentes a evitar as desigualdades entre territorios e á cohesión social [107742](#)

#### **I 31661 (10/PNC-002567)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha estratexia de emprego centrada nas mulleres e na xente moza, que permita evitar as desigualdades de xénero e idade [107743](#)

### **3. Administración do Parlamento de Galicia**

#### **3.2. Recursos humanos**

I Acordo do 22 de xuño de 2018 do tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia [107743](#)

#### **3.5. Axudas, bolsas e premios**

I Resolución do procedemento de concesión de varias bolsas de formación [107744](#)

### **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

#### **2.3. Réxime e goberno interior**

##### **2.3.4. Estatuto dos grupos parlamentarios**

##### **2.3.4.1. Subvencións dos grupos parlamentarios**

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 28 de xuño de 2018, polo que se toma coñecemento e se ordena a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da páxina web do balance e conta de resultados do exercicio 2017 da subvención asignada ao Grupo Parlamentario de En Marea con cargo ao orzamento do Parlamento (doc. núm. 32744) [107749](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 29 de xuño de 2018, adoptou os seguintes acordos:

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

- 23035 (10/PNC-001846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a presentación polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia durante o primeiro semestre de 2018, da posición da Xunta de Galicia nos eidos sinalados como prioritarios no documento titulado *Análise do impacto do Brexit en Galicia*

BOPG nº 247, do 25.01.2018

Sométese a votación e resulta aprobada a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia, doc. núm. 32928, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar para o seu debate na Cámara, antes da fin de 2018, a posición da Xunta de Galicia nos eidos identificados como prioritarios no seu documento de *Análise do impacto do Brexit en Galicia*.

- 31098 (10/PNC-002507)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co cumprimento dos principios e actuacións da economía social polas cooperativas de traballo asociado

BOPG nº 309, do 23.05.2018

Sométese a votación por puntos co resultado que se reflicte a seguir:

— Punto 3, transaccionado coa emenda do G. P. Popular de Galicia: aprobado pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

— Puntos 1, 2 e 4: rexeitados por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se dirixa á Inspección de Traballo para poñer en marcha actuacións específicas de cara á inspección das condicións laborais nas cooperativas e empresas de economía social no Plan de actividades de 2019.»

- 32480 (10/PNC-002655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento de beneficios fiscais para as persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos, no concello de Tui. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 323, do 20.06.2018

Sométese a votación a transacción coas emendas dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 32930) e do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm.32941) e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno de España que estableza os seguintes beneficios fiscais respecto dos afectados pola explosión de Tui:

— Exención no seu IRPF das axudas autonómicas percibidas en base no Decreto 55/2018.

— Exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio 2018, que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, de natureza urbana, situados no ámbito xeográfico de afectación da explosión, cando se acredite que tanto as persoas como os ben situados naqueles tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos. A diminución de ingresos que se lle produza ao Concello de Tui por esta exención deberá de ser compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

— Redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio 2018 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais cuxos locais de negocios ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa da explosión, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a isto, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2017. A diminución de ingresos que se lle produza ao Concello de Tui por esta exención deberá de ser compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

— Exención das taxas da Xefatura Central de Tráfico para a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos pola explosión.

— Redución dos índices de rendemento neto no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas para actividades agrícolas e gandeiras afectadas pola explosión.

2. Establecer para as persoas afectadas unha dedución da cota íntegra autonómica do 100 % das cantidades investidas en investimentos non empresariais coa finalidade de paliar os danos sufridos, pola parte que exceda das cantidades percibidas por axudas ou subvencións ou por coberturas de seguros.

3. Acelerar as correspondentes convocatorias de axudas aínda pendentes, en consonancia co recollido no Decreto 55/2018, do 31 de maio.

4. Establecer unha liña singular de financiamento a favor do Concello de Tui para poder compensarlle cando menos parte dos gastos derivados das diversas actuacións realizadas pola catástrofe acontecida.

5. Favorecer, en coordinación co Concello de Tui, a dilixente tramitación da figura que permita unha ordenación urbanística axeitada.

6. Que de xeito periódico, canto menos trimestralmente, realice e remita ao Parlamento de Galicia un informe ao respecto da situación do estado das axudas e actuacións levadas a cabo.

7. Demandar do Goberno español a declaración de zona gravemente afectada por unha emerxencia de protección civil regulada na Lei 17/2015, a zona de Paramos.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 4010 (10/PNC-000372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da eliminación do imposto especial da electricidade e a rebaixa do IVE para abaratar a factura da enerxía eléctrica

BOPG nº 57, do 01.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 25684 (10/PNC-001980)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia de políticas destinadas á posta en marcha de políticas tendentes a evitar as desigualdades entre territorios e á cohesión social

BOPG nº 260, do 14.02.2018

Sométese a votación por puntos co resultado que se reflicte a seguir:

- Punto 3: rexeitado por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 1 abstención.

- Puntos 1, 2 e 4: rexeitados por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 31661 (10/PNC-002567)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha estratexia de emprego centrada nas mulleres e na xente moza, que permita evitar as desigualdades de xénero e idade

BOPG nº 316, do 06.06.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 32889, e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

#### **Acordo do 22 de xuño de 2018 do tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia**

O tribunal cualificador da probas selectivas para o ingreso, por promoción interna, nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia, tras a valoración dos méritos do único aspirante da praza ofertada, acordou:

1. Outorgar a seguinte cualificación da fase de concurso:

Aspirante	Puntuación total
José Ramón De La Fuente Rodríguez	5,94

2. Ao abeiro do establecido na base sexta apartado 2.3. do proceso selectivo, ordenar a publicación da puntuación da fase de concurso no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da institución e concederlle ao aspirante un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Presidente do tribunal

### 3.5. Axudas, bolsas e premios

#### Resolución do procedemento de concesión de varias bolsas de formación

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 28 de xuño de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Logo de examinada a proposta da comisión de avaliación para conceder as bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 5 de febreiro de 2018 (publicado no BOPG núm. 258, do 12 de febreiro de 2018 e o anuncio desta convocatoria no DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2018), a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Resolver a concesión de bolsas conforme a seguinte relación nominal das persoas beneficiarias:

a) Bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación

RIONEGRO DABARCA, ADRIANA (17,690 puntos)

MORANDEIRA FLORES, EVA (13,900 puntos)

b) Bolsa de formación en comunicación institucional

REY MAYO, MARÍA DEL CARMEN (17,114 puntos)

c) Bolsa de formación en publicacións

ROMÁN VÁZQUEZ, ALEXANDRE (17,820 puntos)

FARIÑAS GARROTE, BEATRIZ (15,620 puntos)

d) Bolsa de formación en recursos técnicos e contratación.

BOUZA ROMERO, LAURA (17,000 puntos)

e) Bolsa de formación en xestión parlamentaria:

UTRERA IGLESIAS, DAVID MARTÍN (16,294 puntos)

f) Bolsa de formación en asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual:

MALINGRE GAJINO, CARLOTA (14,750 puntos)

2º. Aprobar as seguintes listas de reserva para cada bolsa, para o caso de non aceptación ou renuncia dalgunha das persoas beneficiarias:



## BOLSA DE ARQUIVO, BIBLIOTECA E DOCUMENTACIÓN

Nº	Apelidos	Nome	Puntuación
1	CANO DE LA PAZ	SARA PALOMA	13,550
2	VIDAL FRANCO	MARÍA	11,590
3	PAZ FERNÁNDEZ	SARA	10,710

## BOLSA DE FORMACIÓN EN COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL

Nº	Apelidos	Nome	Puntuación
1	ÁLVAREZ GROMAZ	LUCÍA	16,589
2	GÓNZALEZ LÓPEZ	PAULA	15,714
3	LODEIRO PIÑEIRO	JÉSSICA	15,625
4	SOUTO TABOADA	FÁTIMA	15,217
5	VARELA GARCÍA	ELENA	15,136
6	CASTRO SILVA	ÁNGEL	14,837
7	BERNÁRDEZ PÉREZ	OSCAR	14,588
8	GÓNZALEZ PUGA	CRISTÓBAL	14,351
9	REY CAO	SABELA	14,080
10	SANTOS PÉREZ	AMARA	13,708
11	ÁLVAREZ ÁLVAREZ	ALMUDENA	13,664
12	CARREIRA SALGUEIROS	CLARA	13,630
13	BERNÁRDEZ DOVAL	ESTEFANÍA	13,452
14	VÁZQUEZ PEDROSA	FÁTIMA	13,339
15	FILLOY MARTÍNEZ	LAURA	13,200
16	MOURE MIGUÉLEZ	LAURA	13,117
17	CRESPO BRIS	JAIME	12,871
18	REGO LAGE	ALBA MARÍA	12,682
19	LOSÓN FERNÁNDEZ	MARTÍN	12,617
20	PÉREZ CAPELO	MARÍA	12,563
21	LÓPEZ MARTÍNEZ	RAQUEL	12,306
22	PARADA PACHECO	PATRICIA	12,202
23	AÑÓN GÁNDARA	AMARA	11,984
24	ARBONES PORTO	OLALLA	11,977
25	LAREO VILELA	LIDIA	11,902
26	IGLESIA CASTIÑEIRA	SILVIA	11,569
27	MEDRANO TORRES	CLARA	10,245

## BOLSA DE FORMACIÓN EN PUBLICACIÓN

Nº	Apelidos	Nome	Puntuación
1	SOTELO DOMÍNGUEZ	HELENA	15,020
2	PIÑEIRO PAIS	LAURA	15,010
3	LÓPEZ ROMERO	ANDREA	15,000
4	PARDO ÁLVAREZ	HÉCTOR	14,310
5	LÓPEZ AVIÓN	NOEMÍ	14,210

BOLSA DE FORMACIÓN EN PUBLICACIÓNS			
Nº	Apelidos	Nome	Puntuación
6	FERNÁNDEZ MOSCOSO	IRIA	12,740
7	CASTRO LORENZO	LAURA	12,410
8	SILVA CONDE	MIGUEL	10,280

BOLSA DE FORMACIÓN EN RECURSOS TÉCNICOS E CONTRATACIÓN			
Nº	Apelidos	Nome	Puntuación
1	MATA POSE	DIEGO	14,846
2	NOGUEIRA SERANTES	LARA	13,983
3	CANCELA CAROLLO	ANA	13,982
4	ABELLÁN POSE	BERTA	11,783
5	RUBIO REGO	IAGO	10,882
6	ROMERO DÍAZ	ABEL	10,004

BOLSA DE FORMACIÓN EN XESTIÓN PARLAMENTARIA			
Nº	Apelidos	Nome	Puntuación
1	ROMERO CARRERA	XIMENA	15,068
2	LÓPEZ SÁNCHEZ	CRISTINA	13,998
3	VÁZQUEZ CARRERO	MIGUEL	13,533
4	ARROJO FERNÁNDEZ	PALOMA	13,469
5	FREITAS RODRÍGUEZ	CLARA	13,351
6	AQUINO AQUINO	NIDIA ESTHER	13,281
7	CALVIÑO CANCELA	ERICA	13,174
8	PORTAS MURGIONI	AXEL	12,824
9	BLANCO FARIÑA	Mª DE LAS VIRTUDES	12,609
10	BREA BARCIA	SILVIA	12,238
11	SUÁREZ MARTÍ	ANA	12,229
12	RODRÍGUEZ ÁLVAREZ	TAMARA	12,148
13	PAIS WYKA	MARTÍN	11,962
14	BUGALLO PORTO	SARA	11,693
15	BARRERA TOBA	CARLOTA	11,586
16	VILLAR PRIETO	CRISTIAN	11,360
17	RODRÍGUEZ POUSO	PAULA	11,214
18	GARCÍA CLEMENTE	IRENE	11,127
19	SANTOS SEOANE	JONATAN	11,107
20	GONDAR DOMÍNGUEZ	SARAI	10,858
21	BOULLOSA VENTÍN	ÁNGELES	10,772
22	CASTRO MOSQUERA	NOÉ	10,340
23	NAVEIRAS ROUCO	TANIA	10,306
24	AREA MARTÍNEZ	SANDRA	10,209
25	GIL REY	CRISTINA	7,642

BOLSA DE FORMACIÓN EN ASISTENCIA ADMINISTRATIVA E SERVIZOS COMÚNS			
Nº	Apelidos	Nome	Puntuación
1	SOLLA GONZÁLEZ	PAOLA KASANDRA	12,200
2	PEREZZÁN MENOR	RODRIGO	9,820
3	BARRIUSO RODRÍGUEZ	AITOR	9,250
4	LÓPEZ GÓMEZ	VALERIA	9,140
5	ENRÍQUEZ VALVERDE	RICARDO	9,000
6	CAAMAÑO IGLESIAS	MARIA TERESA	9,000
7	CAMIÑO FERREIRO	SERGIO	8,680
8	LUEIRO FERNÁNDEZ	PABLO	7,720
9	LÓPEZ OTERO	SANTIAGO	7,300
10	REBOLLO DE LA FUENTE	BRUNO	7,030
11	FREIRÍA BASTERO	FERNANDO	7,030
12	VÁZQUEZ BATÁN	DAVID	7,000
13	BLANCO COMESAÑA	DAVID	6,240
14	VEIGA AMOEDO	SILVIA	5,020
15	VEIRA ANTELO	ELOY	4,560
16	RODRÍGUEZ VICENTE	BORJA	4,500
17	GONÇALVES GÓMEZ	PATRICIA	4,000
18	ALONSO ALONSO	DAVID	4,000
19	FERNÁNDEZ GRAÑA	YAMILE	3,840
20	CALVAR OTERO	BEGOÑA	3,330
21	GARCÍA PIÑÓN	OSCAR	3,000
22	SÁEZ GONZÁLEZ	ANDRÉS	3,000
23	CARIDE RÁBADE	SARA	3,000
24	FERNÁNDEZ PÉREZ	ALBA	3,000
25	DOMÍNGUEZ MARCOS	DUARTE	3,000
26	COPO FERNÁNDEZ	IVÁN	3,000
27	MARTÍNEZ BAZ	MARÍA	3,000
28	FERNÁNDEZ SUÁREZ	PAULA	3,000
29	PREGO RODRÍGUEZ	DANIEL	3,000
30	AMOEDO FERREIRO	MÓNICA	2,000
31	BLANCO ÁLVAREZ	LAURA	1,900
32	PORTO ARMESTO	JUAN JOSÉ	1,600
33	BARREIRO AZAMBUYA	DIEGO ALEJANDRO	1,200
34	COUCEIRO AGRA	CARLOS	1,000
35	NÚÑEZ LAMAS	MARIO	1,000
36	ARIAS ROCHELA	CARLOS	0,200
37	RAMOS GARCÍA	ALBERTO	0,000

3º. A incorporación das persoas beneficiarias das respectivas bolsas ao Parlamento de Galicia será o 3 de setembro de 2018.

4.º Publicar o acordo de concesión da bolsa no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

5º. Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Mesa do Parlamento no prazo **dun mes**, contado desde o día seguinte á data desta notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de **dous meses** desde a indicada data.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.3. Réxime e goberno interior**

#### **2.3.4. Estatuto dos grupos parlamentarios**

##### **2.3.4.1. Subvencións dos grupos parlamentarios**

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 28 de xuño de 2018, polo que se toma coñecemento e se ordena a publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Portal de transparencia da páxina web do balance e conta de resultados do exercicio 2017 da subvención asignada ao Grupo Parlamentario de En Marea con cargo ao orzamento do Parlamento (doc. núm. 32744)**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 28 de xuño de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Escrito do G.P. de En Marea, polo que se achega o balance e conta de resultados do exercicio 2017 (doc. núm. 32744)

Tómase coñecemento, ordénase a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da páxina web.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, en cumprimento do acordo da Mesa do Parlamento de 4 de xuño de 2018, (**doc. núm. rexistro de saída 9574, de 5 de xuño de 2018**) ADXUNTA a contabilidade requerida a este Grupo Parlamentario relativa ao ano 2017, nos modelos de balance e de conta de resultados.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**BALANCE DE SITUACIÓN DO GRUPO PARLAMENTARIO DE EN MAREA**

**2017**

<b>BALANCE DE SITUACIÓN</b>	
<b>ACTIVO</b>	
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	
I. Inmobilizado	
II. Investimentos financeiros a longo prazo	
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>114.539,46</b>
I. Existencias	
II. Debedores e outras contas a cobrar	
III. Investimentos financeiros a curto prazo	
IV. Periodificacións a curto prazo	
V. Tesouraría.....	114.539,46
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>114.539,46</b>


<b>PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>86.696,54</b>
<i>A-1) Patrimonio xerado</i>	86.696,54
I. Excedentes anteriores.....	30.482,63
II. Excedentes do exercicio.....	56.213,91
<i>A-2) Variacións patrimoniais pendentes de imputación a resultados</i>	
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>0,0</b>
I. Provisións a longo prazo	
II. Débedas a longo prazo	
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>27.842,92</b>
I. Provisións a curto prazo	
II. Débedas a curto prazo	
III. Acredores e outras contas a pagar.....	27.842,92
IV. Periodificacións a curto prazo	
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>	<b>114.539,46</b>

**CONTA DE RESULTADOS DO GRUPO PARLAMENTARIO DE EN MAREA  
2017**

<b>CONTA DE RESULTADOS</b>		
1. Ingresos de orixe pública	(Debe)	Haber
<b>A) TOTAL INGRESOS DA XESTIÓN ORDINARIA</b>		<b>499.080,98</b>
2. Gastos de persoal.....	422.115,24	
3. Achegas a formación política.....	0,0	
4. Gastos da actividade ordinaria.....	20.751,83	
5. Amortización do inmovilizado		
<b>B) TOTAL GASTOS DA XESTIÓN (2+3+4+5)</b>	<b>442.867,07</b>	
<b>I. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO DA ACTIVIDADE ORDINARIA (A+B)</b>		
6. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		
<b>II. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA ACTIVIDADE NON ELECTORAL (I+6)</b>		
7. Gastos financeiros		
8. Ingresos financeiros		
<b>III. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (7+8)</b>		
<b>IV. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DO EXERCICIO (II+III).....</b>		<b>56.213,91</b>

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 22/06/2018 13:42:54**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727